

1. NÚMERO 1.

Ás veces afogo no meu propio bafo.

E honestamente, non é por que non poida simplemente abrir a fiestra,
deixalo mesturarse na corrente de aire externo.

Senón, porque non podo.

A secuencia é moi sinxela:
Unha vez que o intruso apaga o bafo e deixa o espello transparente,
non hai volta atrás.
Acabas de quedar espida fronte a frescura hipocritamente liberadora.

Ela marcará o teu corpo e perfumarao con promesas incoloras.

A liberdade será fresca.
Vento novo e sincero.

Ata que veña o bochorno,
e cando menos o esperes, tes todo cheo de humidades.

Xa é tarde para prender o deshumidificador.

2. ANOMALÍA.

Lembras?

Pode que non.
Quizais só unha raiola do que fuches.
Ou do que sentiches.

Lembras?

Non eras a mesma que acostumas ser.
Ti.
Nun corpo completamente diferente,
pequeno e miúdo.
Acostumaba sentar no mesmo lugar no que ti sentas neste intre.

Lembras?

Eramos só ti e mais eu.
Somos só ti e mais eu.

Lembras?

Unha fiestra aberta.
Cheiro a aire cálido.
A miña presenza ilumina a estancia.
Sempre é o mesmo.
Só es ti a anomalía.

3. ?

Merda.
Nunca me acostumarei.
Quero dicir, realmente estou preparada?

Bailaremos no medio dunha pista recentemente encerada.
Ou iso facíase antes?

Mamá e papá mandan mensaxes en código morse.
Honestamente aínda non cheguei a ese temario.

Poñerei a música a tope de decibelios.
Bailamos?

Repetirei os versos do poema como nunha canción.
Ou iso creo?
Tí que opinas?
Acaso importa?

Non sei, pode que sexan as hormonas.
Déixaa.

Non me gusta esa canción.
É o mesmo.
Bailamos?